

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE XULLO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 6 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 4.a)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 8, 9 e 10 b)
D. Jesús Moure (asiste aos puntos 8, 9 e 10 c)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

- a) **Acta da sesión do 3 de xullo de 2017**
Retirase porque non se enviou coa convocatoria da mesa.
- b) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 9:30 horas**
Retirase porque non se enviou coa convocatoria da mesa.
- c) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 12:00 horas**
Retirase porque non se enviou coa convocatoria da mesa.

2.- Apertura administrativa

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (Sobre A)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:41	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF44-5AE38C-CH49B1-VSK9JY-GYUNWR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
 2. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZAS SL (SAMYL SL)
 3. BROCOLI SL

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a UTE INGESER ATLANTICA SL - SOGESEL DESARROLLO Y GESTION, SL, e CALFENSA PROYECTOS, SL, para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá emendar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP, por canto non declaran ter a solvencia requirida.

3.- Apertura da documentación técnica

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (Sobre B)**

Este punto retírase da orde do día porque solicitouse enmenda da documentación persoal aos licitadores UTE INGESER ATLANTICA SL - SOGESEL DESARROLLO Y GESTION, SL, e CALFENSA PROYECTOS, SL.

4.- Apertura económica

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)**

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO TOTAL	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL	224.939,00	8 semestres
CONSTRUCCIONS OBRAS Y VIALES SA (COVSA)	253.350,42	10 semestres
EXCAVACIONES ROALTRANS SL	238.447,44	2 semestres



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A.	202.825,11	Non propón
ORECO S.A	243.371,90	8 semestres
PLANIFICACION, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, SA (GPD CONSTRUCCIONES SA)	208.950,00	8 semestres
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL (ACEVI SL)	202.900,00	8 semestres
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO,SA	212.500,00	8 semestres
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	233.263,80	48 meses
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	248.945,38	24 meses

Asiste á presente sesión D Manuel Alonso Vasconcillos da Federación Galega de Construcións.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) (Sobre C)**

Este punto retírase da orde do día a petición do servizo para facer correccións no informe.

- b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106) (Sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da área de Servizos Xerais do 10 de xullo de 2017 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, que rectifica o de data 30 de xuño do mesmo ano entregado coa convocatoria da Mesa por canto este contiña un erro.

- c) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330) (Sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural o 4 de xullo de 2017 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

- d) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) (Sobre B)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:41	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF44-5AE38C-CH49B1-VSK9JY-GYUNWR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros municipais, conformado polo xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento o 6 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

- e) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) (Sobre B)**

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros municipais, conformado polo xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento o 6 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) (Sobre C)**

Este punto retírase da orde do día.

- b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106) (Sobre C)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da área de Servizos Xerais do 10 de xullo de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

- c) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330) (Sobre C)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural o 4 de xullo de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

- d) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) (Sobre B)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polos enxeñeiros municipais, conformado polo xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento o 6 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Do citado informe despréndese que a mercantil EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL, non acada o umbral de puntuación mínima para a proposición avaliable mediante xuízo de valor fixado no apartado 8.A da FEC. En



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:41	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF44-5AE38C-CH49B1-VSK9JY-GYUNWR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión acorda excluír a citada mercantil da presente licitación.

- e) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) (Sobre B)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polos enxeñeiros municipais, conformado polo xefe administrativo e de control orzamentario da Concellería de Fomento o 6 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Do citado informe despréndese que as empresas CLOTHOS, SL, SGS TECNOS SA, e EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, SL, así como a UTE GALAICONTROL SL-INGENIERIA NOROESTE, SL, non acadan o umbral de puntuación mínima para a proposición avaliable mediante xuízo de valor fixado no apartado 8.A da FEC. En consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión acorda excluír a citada mercantil da presente licitación.

10.- Proposta de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)**

Este punto retírase da orde do día.

- b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)**

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	88,6
2	CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	35,35

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areais do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	95,00
2	EULEN, S.A.	78,37
3	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	77,43

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:41	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF44-5AE38C-CH49B1-VSK9JY-GYUNWR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

15.- Incidencias

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (Escritos aclaración de oferta Sobre B das empresas Gestion Tributaria Territorial SAU, La Auxiliar De Recaudacion SL e Asesores Locales Consultoria SA)**

Infórmase a Mesa de que as mercantís Gestión Tributaria Territorial, SAU, La Auxiliar De Recaudación, SL e Asesores Locales Consultoria, SA, en data presentaron os escritos de aclaración dos sobres B da súa oferta. A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda dar traslado das mesmas ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:41	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF44-5AE38C-CH49B1-VSK9JY-GYUNWR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		